

RECUPERACIÓN DO SUBSTRATO AREOSO EN BANCOS MARISQUEIROS MEDIANTE REMOCIÓN CONTROLADA E MEDIDAS DE CONSERVACIÓN SOSTIBLE.

CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO

Programa Proxecto

PE209B

Número expediente

PE209B-2025-00013

Período do proxecto

01/05/2026 – 15/05/2026

Axuda concedida

25.000,00 €

FEMPA(70%) 17.500€

C.A. GALICIA (30%) 7.500€

*Programa para España 2021 – 2027. Prioridade 1,
O.E. 1.1. OIX. Desenvolvemento Pesqueiro. Medida
1.1.1. Xerstión sustentable dos recursos pesqueiros.
Fomentar a pesca sustentable e a recuperación e
conservación dos recursos.*

PROXECTO PRESENTADO AO AMPARO DA ORDE do 11 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2025 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipada de gasto (código de procedemento PE209B).

OBXECTIVO _ O proxecto promovido pola Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño consiste na remoción controlada do substrato areoso no banco marisqueiro da Praia do Castro (SIGREMAR AR211) coa finalidade de recuperar as condicións ecolóxicas e produtivas do hábitat bentónico. A actuación pretende mellorar a calidade do sedimento e favorecer a rexeneración natural das especies marisqueiras, contribuíndo á restauración da biodiversidade mariña e á conservación do ecosistema costeiro. Así mesmo, o proxecto busca reforzar a sustentabilidade da actividade marisqueira mediante medidas de conservación e seguimento ambiental compatibles coa explotación responsable dos recursos mariños.